




# UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



As Normas de Xestión Académica da Universidade de Santiago de Compostela (DOG do 14 de xaneiro de 1999 con modificacións posteriores aprobadas pola Xunta de Goberno) dispoñen que os centros deberán comunicar a convocatoria dos premios extraordinarios de licenciatura antes do 15 de outubro (art. 103.3), e os alumnos que estean en condicións de presentarse, deberán solicitarlo entre o 15 e ou 30 de novembro (art. 7.3.2).

Na Facultade de Medicina e Odontoloxía, realizouse a convocatoria nos prazos establecidos, presentándose solicitudes agás para a licenciatura de Odontoloxía, a pesar de haber alumnos que reúnen os requisitos para optar ó mesmo, polo que a Facultade formula unha solicitude para, de xeito excepcional, abrir un novo prazo de matrícula do premio extraordinario para a licenciatura de Odontoloxía.


## Por todo o indicado resolvo:

**PRIMEIRO:** Autorizar á Facultade de Medicina e Odontoloxía a abrir un novo prazo de matrícula para o Premio Extraordinario correspondente ó curso 2001-02 para os alumnos da licenciatura de Odontoloxía.

**SEGUNDO:** A solicitude de concorrencia deberá realizarse na Unidade de Xestión Académica do 12 ó 16 de maio. A Facultade establecerá as datas concretas para xulgar ós concorrentes ó premio extraordinario entre o 19 e o 23 de maio.

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2003

O Rector  
  
Senén Barro Ameneiro



SR. VICERRECTOR DE ORGANIZACIÓN ACADÉMICA E TITULACIÓNS, SR. SECRETARIO XERAL, SR. DECANO DA FACULTADE DE MEDICINA E ODONTOLOXÍA, SR. XEFE DO SERVICIO DE XESTIÓN ACADÉMICA, SR. DIRECTOR DO COIE, SR. DIRECTOR DO SEIN, SR. XEFA DA UNIDADE DE XESTIÓN ACADÉMICA DO CAMPUS NORTE